

**Acta núm. 31/2020.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 3 de novembro de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Carlos Noya Pereira.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
Non asiste: María Rosa Romero Fariña.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 3 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 30/2020, DO 27.10.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 4º) SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 30/2020, DO 27.10.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 27.10.2020, acta núm. 30/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NIEVES CES GÓMEZ, na que comunica que vai que reparar a cuberta dun alpendre, sito en Aguiar 15, Brión, substituíndo as tellas en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6468408NH2464N0001JD) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Aguiar, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como BE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,58 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,15 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PAULA GRAO PAZOS, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Beca 14, Bastavales, coas seguintes características:

- Aproximadamente unha lonxitude de 16 metros lineais en contacto coa vía pública, con muro

tradicional de pedra de 1,80 metros de altura, medida desde a rasante natural do terreo.

.- Aproximadamente unha lonxitude de 100 metros lineais, de separación coas outras fincas, con bloques de formigón e celosía por enriba.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 9808804NH2490N0001QE), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega de bloques de formigón terá unha altura máxima de 1,20 metros, e a altura total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- A parte cega de bloques será convenientemente revestida e pintada.
- O muro en contacto co vial situarase mínimo a 4 metros do eixe.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 146,00 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 210,57 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDOLINO GARCÍA SORDO, na que comunica que vai reparar a cheminea da cuberta da vivenda sita en Gronzo 27, Brión, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 4956703NH2445N0001AX) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,68 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,25 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENEDICTO SALVADO NOYA, na que comunica que vai reparar parte da cuberta da vivenda sita en Soigrex 32, Os Ánxeles, substituíndo os canos e a tella en mal estado por canos e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6743109NH2464S0001PZ) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,30 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 93,87 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO TORREIRA VILACOBIA, na que comunica que vai realizar obras de reparación na vivenda sita na Avda. de Noia 37, Os

Ánxeles, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma, coas seguintes características:

.- Reparación da cuberta substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

.- No interior, colocación de pranchas de cartón xeso e substitución de pavimentos.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6647306NH2464N0001LD), na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 93,40 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 157,97 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRÉS MARTÍNEZ FONTÁNS, na que comunica que vai construír dous accesos de formigón nas parcelas con referencia catastral nº15013A040000880000UU e nº 5942423NH2454S0001FJ, do lugar de Buio, Os Ánxeles.

A parcela nº 15013A040000880000UU atópase emprazada dentro da delimitación de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A parcela nº 5942423NH2454S0001FJ atópase emprazada dentro da delimitación de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Colocarase previamente un tubo de 40 centímetros de diámetro para a canalización de pluviais.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,00 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,57 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TANIA RODRÍGUEZ TUBÍO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela en Babenzo 58, Bastavales.

A parcela (referencia catastral nº 8222222NH2482S0000ZJ) onde se pretende facer a instalación, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A piscina situarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 309,99 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL LÓPEZ SANDE, na que comunica que vai retirar unha edificación auxiliar de 18 m<sup>2</sup> e construír unha edificación auxiliar nova (alpendre) de 20 m<sup>2</sup>, dunha única planta e escasa entidade construtiva, en Chave de Ponte 25, Bastavales.

A parcela (9321901NH2492S0001UX) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A construción situarase dentro da parcela mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

.- A construción estará convenientemente rematada, revestida e pintada, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,06 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 131,63 euros.

### **TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P. BALNEARIO DO TREMO BLOQUE C, na que solicita prórroga do prazo de remate das labores de limpeza, impermeabilización e reparación das terrazas dos portais nº 11-1ºA, nº11- 1ºB e nº12 – 1ºB.

Con data 17.09.2019 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou á C.P. BALNEARIO DO TREMO BLOQUE C as labores de limpeza, impermeabilización e reparación dos portais nº 11-1ºA, nº11- 1ºB e nº12 – 1ºB.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

### **CUARTO.- SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por José Deus Losada, que di actuar en representación de CORAL HOMES S.L.U, na que comunica a renuncia á licenza de agrupación de dúas parcelas e posterior segregación das mesmas, concedida pola Xunta de Goberno Local o 31 de xullo de 2007, na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. Con data 19 de setembro de 2006 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obras á entidade PAZOS SOUTO 2000 SL para a construción dun edificio de semisoto, planta baixa, e dúas plantas altas para 16 vivendas, 4 locais e garaxes, a emprazar na Avenida de Noia 21. A licenza concédese a partir do proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Eva M. Martínez Abastida e visado polo C.O.A.G..

2. A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2007, concedeu licenza de segregación das fincas nº 865 e número 866-867 do plano xeral de concentración parcelaria dos Ánxeles, número 21 da Avenida de Noia, segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta Eva Martínez Abastida.

Segundo a licenza concedida, primeiro agrupábanse as parcelas anteriores nunha parcela de 4.668 m<sup>2</sup>. Clasificación urbanística: Solo urbano consolidado UC-1. Lindes: Norte: estrada de Santiago a Noia. Sur: camiño público. Leste: Generosa Candán Otero (864). Oeste: José María Damas Vilas (871), Nieves García Novo (872) e Belén Nieto Novo (873).

Posteriormente segregábase nas seguintes:

Parcela segregada 1. Superficie: 3.255 m<sup>2</sup>. Clasificación urbanística: Solo urbano consolidado UC-1. Lindes: Norte: estrada de Santiago a Noia. Sur: propiedade de Pazos Souto 2.000 S.L. Leste: Generosa Candán Otero (864). Oeste: Nieves García Novo (872) e Belén Nieto Novo (873). Esta parcela, consonte co establecido na LOUPMRG ao respecto, terá a condición de indivisible.

Parcela segregada 2. Superficie: 1.413 m<sup>2</sup>. Clasificación urbanística: Solo urbano consolidado UC-1. Lindes: Norte: propiedade de Pazos Souto 2.000 S.L.. Sur: camiño público. Leste: Generosa Candán Otero (864). Oeste: José María Damas Vilas (871). Esta parcela, consonte co establecido na LOUPMRG ao respecto, terá a condición de indivisible.

3. Con data 20 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno autorizou o cambio de titularidade da licenza concedida no seu día á entidade PAZOS SOUTO 2000, S.L a favor de BUILDINGCENTER S.A.U.

4. Con data 11 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local autorizou o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construír un edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local do 19 de setembro de 2006, modificada posteriormente por acordo da Xunta de Goberno Local do 08 de febreiro de 2017 e que constaba a nome de BUILDINGCENTER S.A.U. pasando a nome do novo titular CORAL HOMES, S.L.U.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada polo interesado da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 31 de xullo de 2007 para a agrupación e segregación das fincas nº 865 e número 866-867 do plano xeral de Concentración Parcelaria dos Ánxeles, número 21 da Avenida de Noia, deixándoa sen efecto.

#### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González